

fiot 28
CARBALLO

FESTIVAL
INTERNACIONAL
OUTONO DE
TEATRO 2019

DO 27 SET
AO 01 NOV

#MIRADASFIOT




Atreverse a mirar! Atreverse a ver! Atreverse a recoñecerse no que vemos, nas luces e nas sombras; nas propias e nas da realidade. Tamén, colectivamente, como sociedade, ter a valentía de facer visible o oculto.

"Cando o teatro é necesario, non hai nada máis necesario", di o director Peter Brook, o último Premio Princesa de Asturias das Artes. O teatro é un instrumento excelente para facilitar esta mirada ousada, e xa hai tempo que o FIOT convida aos espectadores a saírse das súas butacas, a ser cómplices dos creadores cunha visión activa e crítica, comprometida e comprensiva, imaxinativa e tamén divertida.

MIRADAS FIOT é a suxestión da 28 edición. Abrir o pano, despegar o pelo da cara e abrir ben os ollos. E como dicía Saint-Exupéry no *Principiño* "só co corazón se pode ver ben. O esencial é invisible para os ollos".

O foco situarémolo no teatro social, poñendo en valor a capacidade das artes e da cultura para xerar reflexión e diálogo sobre o mundo e a "realidade líquida" na que vivimos e a súa diversidade. En concreto, queremos subir á escena individuos e colectivos que a sociedade mantén nas marxes, nas *periferias*, e aos que se lles nega a súa identidade e o espazo que lles corresponde. Na actualidade, reivindicamos con

// QUEREMOS SUBIR Á ESCENA INDIVIDUOS E COLECTIVOS QUE A SOCIEDADE MANTÉN NAS MARXES, NAS PERIFERIAS, E AOS QUE SE LLES NEGA A SÚA IDENTIDADE E O ESPAZO QUE LLES CORRESPONDE



forza visibilidade e empoderamento, grandes desafíos para unha sociedade que debe pelexar pola súa inclusión.

A muller e a mocidade, firmes compromisos do FIOT desde a pasada edición, ocupan o primeiro plano dun traxecto que ten como paisaxe de fondo a exclusión e polo que transitan problemáticas de máxima actualidade como a violencia de xénero, a identidade, en especial a sexual, a inmigración e a xenofobia ou a vellez.

Personaxes con feridas abertas que loitan por romper os límites impostos, e que, en primeira

persoa, deixarán testemuño da fragilidade das súas realidades, desencadeantes de conflitos e *violencias* que nos interpelarán desde a escena.

Os autores do "zoom", os que achegan e filtran coa súa creatividade esta realidade, representan excelentemente a riqueza do panorama dramaturxico contemporáneo: Quico Cadaval, Cándido Pazó, Tito Asorey entre os galegos, Miguel del Arco, Jordi Casanovas, Carolina Román, Álvaro Tato, Lucía Miranda, Guillem Clua, José Padilla, Josep María Mestres, Daniel J. Meyer, Montse Rodríguez Clusella...

// MIRADAS FIOT É A SUXESTIÓN DA 28 EDICIÓN. ABRIR O PANO, DESPEXAR O PELO DA CARA E ABRIR BEN OS OLLOS

sen esquecer os autores das creación colectivas, os das persoais poéticas dalgunhas propostas como as de teatro de obxectos, ou da singularidade dos espectáculos de rúa, e por suposto, a personalidade dos narradores orais. É un orgullo presentar os seus traballos!

Xunto a isto, a implicación do FIOT na creación, coa coprodución de dúas obras e a colaboración con outra, a estrea de 17 espectáculos, 9 absolutas e 8 en Galicia, o crecemento do FioTEEN e do Teatro de Rúa, o M², a formación de públicos e as actividades profesionais, como Escena Norte Idea Carballo,... un programa con 39 espectáculos e moitísimas propostas que encherán o Outono carballés de teatro.

Non podemos deixar de compartir as maravillosas novas que recibimos desde a última edición. Aínda que os fioteiros e fioteiras xa se alegraron con nós, queremos celebrar con todos uns galardóns que son tanto nosos coma vosos, impulsándonos cara ao máis alto das artes escénicas e que fan do FIOT o *Corazón do Teatro en Galicia*:

// QUEREMOS CELEBRAR CON TODOS UNS GALARDÓN S QUE SON TANTO NOSOS COMA VOSOS, IMPULSÁNDONOS CARA AO MÁIS ALTO DAS ARTES ESCÉNICAS E QUE FAN DO FIOT O CORAZÓN DO TEATRO EN GALICIA

> **PREMIO DA CULTURA GALEGA 2018** no ámbito das artes escénicas, que distingue a excelencia no traballo e a proxección da construción cultural da nosa Comunidade, concedido pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, destacando ao FIOT como “referente na difusión e visualización das artes escénicas de Galicia e (...) como un dos máis importantes festivais de Galicia”.

> **PREMIO GALEGO DO ANO 2018**, concedido polo Padroado Fogar de Bergantiños e outorgado polas entidades culturais e sociais da Comarca de Bergantiños, que supón o recoñecemento do noso contorno máis próximo.

> **RECOÑECIMENTO COMO BOA PRÁCTICA PARA A XESTIÓN CULTURAL** coa certificación que promove a Deputación da Coruña e a Asociación Galega de Xestión Cultural.

> **RECOÑECIMENTO DO FIOT ENTRE OS 10 PROXECTOS CULTURAI S MÁIS IMPORTANTES DE GALICIA** do *Observatorio de la Cultura en España*, (segundo o criterio de expertos para avaliar a cultura en España).

O noso agradecemento a todos os que un ano máis credes no FIOT. Ás institucións e entidades que nos alentan cara diante, aos colaboradores que se implican nun proxecto que quere ir aínda máis alá das artes escénicas, e, coma sempre, ao público que latexa con nós.

// O NOSO AGRADECEMENTO A TODOS OS QUE UN ANO MÁIS CREDES NO FIOT



V27 SET_ 20.00 H

XAMPATITO PATO

(GALICIA)

Só



DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS | PRAZA DO CONCELLO | (EN CASO DE CHOIVA TRASLADARASE AO 2º ANDAR DO MERCADO MUNICIPAL)

Un personaxe obsesivo, cuadrículado, meticuloso e excéntrico.

Un ser único na súa especie rodeado dun sen fin de caixas que escapan ao seu control e coas que xoga para dar forma ao seu mundo.

Na súa vida nada é o que parece. O seu tempo pasa entre xogos, equilibrios imposibles, caixas dentro doutras caixas, caixas con vida

propia, pelotas que rebotan... Do caos xorde un universo delirante onde inventa a risa, creando unha tolemia cómica.

O autor desta investigación sobre malabares con caixas é un artista galego con traxectoria internacional, multipremiado e que está a ser unha das revelacións dos festivais de novo circo desta tempada.

Intérprete: Jesús Velasco
Dirección: Arturo Cobas e Jesús Velasco
Vestuario: Alicia Tojo
Escenografía: Cruz Velasco e Jesús Velasco
Diseño de iluminación: Flavia Mayans de la Morena

**MALABARES
IMPOSIBLES
QUE DESAFÍAN OS
SENTIDOS**

V04 OUT_ 20.00 H

CÍA SINCRONACIDAS

(GALICIA)

OhLimpizadas



DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS | PRAZA DO CONCELLO | (EN CASO DE CHOIVA TRASLADARASE AO 2º ANDAR DO MERCADO MUNICIPAL)

Pode unha xornada laboral de dúas limpadoras converterse nunha competición deportiva de alto nivel? Na vida destas dúas mulleres nada é o que parece. Aburridas da súa rutina diaria entran nun mundo de ensoñación onde a xornada laboral é retransmitida como competición olímpica pola coñecida comentarista de TVE Julia Luna.

Comedia e circo, clown, portés acrobáticos e danza, únense para crear un mundo absurdo e disparatado, mergullado cunha boa dose de humor. Proposta fresca e divertida desta nova compañía sobre a discriminación sufrida pola muller deportista e co que gañaron o Premio Fetén 2019 ao Mellor espectáculo de rúa.

**UN DÚO UN
TANTO
DESINCRONIZADO**

Idea orixinal e interpretación: Mónica Suárez e Greta Marí
Vestuario: Carmen Hortas
Escenografía: Salva Neira
Voz en off: Julia Luna
Montaxe sonora: Sara Martínez
Dirección: Javier Ariza

S05 OUT_ 19.30 H

JEAN PHILIPPE KIKOLAS

(CASTELA E LEÓN)

Calor

ESTREA
EN GALICIA



ACCESO CON CONVITE. RECOLLIDA NA BIBLIOTECA REGO DA Balsa desde o 28 de setembro | DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS | PRAZA DO CONCELLO | (EN CASO DE CHOIVA TRASLADARASE AO 2º ANDAR DO MERCADO MUNICIPAL)

Un ser sen fogar, viaxeiro involuntario forzado a deixar a súa casa, obrigado a marchar precipitadamente. Andantes sen tempo que viaxan coa determinación e a esperanza de atopar o seu novo fogar.

Combinando maxistralmente o clown coas artes circenses e o humor como canle, *Calor* crea un particular universo, onírico e poético, que nos fará

imaxinar, sentir, xogar e rir. Unha obra para todos os públicos, para vivir en proximidade, para sentir o calor das miradas, do alento e do tacto.

Kikolas é un clown que realizou actuacións por toda Europa e que presenta o seu segundo espectáculo unipersoal, co que está recollendo éxitos en festivais de toda a península.

Intérprete: Quique Méndez
Vestuario: Piti Demore
Atrezzo: Taller Guirigai
Escenografía: Jairo Fuentes e Violeta Ollauri
Iluminación: Sergio Izquierdo
Dirección: Quique Méndez, Leandre Ribera, Rubén Río, Javier García "Mimo" e Alex Britos

“ NÓMADAS DO NOSO TEMPO QUE ATRAVESAN O MUNDO BUSCANDO UN LUGAR, TANTEANDO A CEGAS SOCIEDADES E CULTURAS, CIDADES E POBOS ESTRANXEIROS...”

S12 OUT_ 19.30 H

VOL'E TEMPS

(ANDALUCÍA)

DistanS



DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS | PRAZA DO CONCELLO | (EN CASO DE CHOIVA TRASLADARASE AO 2º ANDAR DO MERCADO MUNICIPAL)

Un pacto, un código secreto, unha cápsula do tempo, unha promesa...

En 20 anos, no mesmo sitio á mesma hora, entre xogos, risas, fantasías e complicidade.

DistanS fala de amizade, de recordos vivos no corazón, da fragilidade e do amor capaz de reconstruír as relacións, valores tan necesarios na sociedade actual.


Portés acrobáticos, corda frouxa, acrobacias, malabares, barra fixa, slapstick, teatro xestual, música en directo,

“ O TEMPO PASA E A DISTANCIA É INEVITABLE PERO NON TEN QUE SUPONER O ESQUECIMENTO

unha gran escenografía, instrumentos reciclados, dous virtuosos intérpretes e unha tenra historia crean este gran espectáculo, emocionante, divertido e único.

Esta compañía andaluza percorreu múltiples países e os mellores festivais de Europa, e obtivo premios como o de FETEN 2019 ou o do Mellor espectáculo de Circo de Andalucía.

Intérpretes: Sara Ortiz y Albert Moncunill Ferrer
Deseño vestuario: Saray Angulo
Deseño de Iluminación: Almudena Oneto
Escenografía: Carlos Monzón
Creación coreografía: Vol'e Temps
Música orixinal: Daniel Maldonado "Sam"
Dirección artística e dramaturxia e musical: Lapso Producciones



SESIÓNS DO MERCADO

(Andar 2º)

Proponémosvos para o Mercado Municipal dúas ofertas imposibles de rexeitar. Dous malabaristas do humor e da palabra. Dous artistas, veciños de comunidade autónoma, altamente inflamables: Carlos Blanco e Rodrigo Cuevas. O galego fará un repaso polo mellor da súa traxectoria; o asturiano achegará toda a provocación co seu novo espectáculo. Aí volo deixamos...

DOM 29 SET ▶



> 20.00 h
CARLOS BLANCO
Os mellores monólogos
(Galicia)

SÁB 05 OUT ▶



> 23.00 h
RODRIGO CUEVAS
Trópico de Covadonga
(Asturias)

Que difícil podería resultar se tivésemos que escoller entre todos

os monólogos de **Carlos Blanco**, cal nos fai rir máis, cal resulta máis entrañable, cal máis pillabán... Pero o de Vilagarcía poñeránolo moi doado, xa que fixo unha revisión dalgúns dos seus monólogos mais coñecidos, entre os que figuran, As bravas da Arousa (Queres Kiwis?), A dobraxe porno, Galizara ou As grandes frases das nosas avoas e avós...

E como xa é un clásico nas súas intervencións, Carlos xogará

"30 ANOS FACENDO JAZZ COA PALABRA"

con elementos de actualidade, improvisando, adaptando, xogando e facendo jazz coa palabra para que o público se deixe levar pola risa, tan necesaria nestes tempos.

30 anos de traxectoria resumidos, barallados e servidos para gozar en 60 minutos de risas garantidas. Son, os monólogos escollidos de Carlos Blanco.

Recomendado + 13 anos
Entrada 10 €

Rodrigo Cuevas é a axitación cultural folclórica e electrónica.

Un divo do etnoglamour, un embaixador do erotismo elegante, do hedonismo e dos dereitos innegociables do ser humano. Unha persoa cun ADN inclonable. Transgresor, grandísimo músico con voz de reiseñor e danzar de estrela de mar, que leva adiante un show de grande calidade musical, estética e discursiva.

Estrea en Galicia e no FIOT, *Trópico de Covadonga*, o seu novo espectáculo, no que fala da boa arte de cortexar e andar de ronda mesturando, como

"APAIXONADAMENTE IMPERDIBLE"

sempre, o rural co urbano. Neste paralelo imaxinario que pasa por Covadonga, atoparemos a un sedutor de persoas, que mira ao pasado dunha maneira romántica e idealizada para transmitir valores humanistas e de liberdades sexuais e sociais, nunha performance dixital-vintage cargada de moita beleza e humor. Apaixonadamente desexable e imperdible.

Recomendado + 13 anos
Entrada 5 €



PS

**PROGRAMA
DE SALA**

PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS

(Galicia)

Medida x Medida

ENTRADA: 8€ | DURACIÓN: 105 MIN APROX.
RECOMENDADO A PARTIR DE 13 ANOS

Isabella abandona o convento por tres días coa tentativa de salvar a vida do seu peccadento irmán, un mozo condenado a morte. Palacios, cadeas, perversidade e corrupción, hipocrisía social, sexo e amor configuran esta valente comedia negra, en ton de thriller que revela unha cara escura da sociedade aínda moi vixente, onde non se ten en conta a vontade da muller e o abuso sexual é moeda de cambio.

Unha vez máis, Quico Cadaval aporta a súa frescura e irreverencia a unha das máis grandes obras de

Shakespeare, enigmática, abafante e divertida, para convertela nunha das grandes propostas da temporada teatral galega. O FIOT non podía rexeitar colaborar con esta produción coa que compañía celebra o seu 15º aniversario.

**// SÉ UNHA MULLER,
SE QUERES SER
MÁIS, XA NON O ES. E SE
O ES, COMO GARANTEN
AS TÚAS FORMAS
EXTERIORES, MÓSTRAO
E ASUME O TEU
DESTINO DE MULLER**

Intérpretes: Melania Cruz, Patricia Vázquez, María Costas, Josito Porto, Santi Romay, Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira

Vestuario e escenografía: Suso Montero

Dirección musical: Bernardo Martínez

Adaptación e dirección: Quico Cadaval

FioTEEN: Ensaio xeral co alumnado de secundaria o xoves 3, ás 11.00 h

Café con... O xoves 3, ás 19.00 h

(Os posibles cambios de horario confirmaranse a través das redes sociais do FIOT. Permaneced atent@s)

ESTREA
ABSOLUTA

COPRODUCCIÓN
FIOT



S05 OUT _ 20.30 H

V04 OUT _ 21.00 H

PRODUCCIONES ROKAMBOLESKAS

(MADRID)

Juguetes rotos

ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 80 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 15 ANOS

Mario traballa nunha oficina. Unha chamada cambiaralle a vida para sempre... A partir dese momento, viaxaremos á súa infancia, habitaremos a súa casa, recorreremos a súa vila. Pinceladas en branco e negro que truncarán a súa identidade sexual e de xénero. Como a de tantos outros.

Historias reais documentadas en múltiples entrevistas, constrúen o relato dun transexual na España de finais dos 60, como contrapunto do presente. Desde unha poética do cotián, Carolina Román, unha das dramaturgas da nova xeración que están destacando en España, dirixe a súa mirada a persoas e colectivos que non teñen voz, que senten que non hai un

ESTREA
EN GALICIA

// ¿CUALES SON
LOS ZAPATOS
QUE REVELAN A LA
VERDADERA
CENICIENTA?

sitio para eles e que queren romper as gaiolas que os aprisionan.

Nacho Guerreros, o protagonista desta conmovedora historia, sorpréndenos nun rexistro moi diferente ao do personaxe televisivo que popularizou. Xunto ao seu compañeiro de

reparto, Kike Guazas foron finalistas como mellores actores na última edición dos Premios Max.

Unha obra dura e fermosa, que logo dunha exitosa xira repetirá temporada en Madrid e que a súa autora define como unha lanza a favor dos diferentes.

Intérpretes: Nacho Guerreros e Kike Guaza

Deseño de caracterización:

Chema Noci

Deseño de vestuario: Cristina Rodríguez

Deseño sonoro: Nelson Dante

Iluminación: David Picazo

Deseño de escenografía: Alessio Meloni

Axudante de dirección: Olga Margallo

Dramaturxia e Dirección: Carolina Román

V11 OUT _ 21.00 H

EL PAVÓN TEATRO KAMIKAZE (MADRID)

Jauría

ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 90 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 14 ANOS

Os 3:00 horas do 7 de xullo de 2016. Festas de San Fermín. Cun material real, demasiado real, os fragmentos das transcricións do xuízo realizado a La Manada, Jordi Casanovas, autor referente no teatro documento (un xénero en auge na escena contemporánea), escribe esta ficción documental coa que nos permite converternos en tribunal e viaxar dentro da mente de vítima e vitimarios. Unha violación e un caso que marcou un antes e un despois, removen o concepto de masculinidade e a súa relación co sexo na nosa sociedade.

A multipremiada Kamikaze regresa ao FIOT cunha obra tan impactante como desgarradora, dirixida con



// UNA MUJER DE
RODILLAS,
CON CINCO HOMBRES
RODEÁNDOLA

mestría por Miguel del Arco, que pretende xerar debate en torno ao feminismo e a xustiza, para que sexa o público o que saque as súas conclusións. María Hervás, gañadora do Premio do Público o pasado FIOT e o último Max á Mellor Actriz, realiza un traballo

sobrecolledor, acompañada por un soberbio quinteto de novos actores, entre os que veremos ao galego Martiño Rivas.

Un espectáculo necesario e, sen dúbida, o novo éxito teatral da temporada.

Fotografía: Vanessa Rábade

Intérpretes: Pablo Béjar, Fran Cantos, María Hervás, Ignacio Mateos e Martiño Rivas
Voz en off: Israel Elejalde
Dirección de produción: Aitor Tejada e Jordi Buxó
Vestuario e escenografía: Alessio Meloni
Iluminación: Juan Gómez Cornejo
Deseño de son: Sandra Vicente_
Studio 340
Música: Arnau Vilà
Autor: Jordi Casanovas
Dirección: Miguel del Arco

D13 OUT_ 20.30 H

EL SOL DE YORK

(MADRID)

Chicas y Chicos

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 80 MIN APROX.
RECOMENDADO A PARTIR DE 14 AÑOS

El a é divertida e audaz. Unha muller que podería ser calquera. Cun marido, unha filla pequena que pasa o día construíndo cousas e un fillo menor que as destrúe. Enfrontouse aos teitos de cristal, a un traballo ao que non estaba destinada, á conciliación,... Pero as cousas non son como parecen. Sen decatarnos, estamos converténdonos nese final inimaxinable.

Podemos perdoar que unha muller teña máis éxito que os homes? Esta obra fórmúlanos preguntas que a sociedade debería facerse sobre a masculinidade, a violencia ou as consecuencias sobre os menores dunha realidade que

se repite sen que sexamos capaces de atopar saída.

Este é o tema que aborda con dor, humor, tenrura e realidade o autor aclamado internacionalmente Dennis Kelly e que dirixe unha das dramaturgas máis interesantes da escena española, Lucía Miranda, gañadora do último premio Ojo Crítico, que lidera un equipo maioritariamente feminino.

Unha función conmovedora, contundente e tristemente veraz, que será estrea absoluta no FIOT e que seguro terá un longo percorrido.

Intérprete: Antonia Paso
Escenografía e figurinismo: Anna Tusell
Vestuario: Adolfo Domínguez
Son: Irene Maquieira
Iluminación: Pedro Yagüe
Producción: Javier Ortiz
Autor: Dennis Kelly
Dirección: Lucía Miranda

Coa colaboración do FIOT,
Comunidade de Madrid, Adolfo
Domínguez e Crea SGR

ESTREA
ABSOLUTA

COA
COLABORACIÓN
DO FIOT

CHICAS
Y CHICOS

DENNIS
KELLY

NO RECUERDO
CUÁNDO EMPEZÓ
A TORCERSE TODO.
SÓLO RECUERDO QUE,
PARA CUANDO ME DI
CUENTA, ESTABA
METIDA HASTA EL
CUELLO

DIRECCIÓN LUCÍA MIRANDA
INTERPRETACIÓN
ANTONIA PASO
ILUMINACIÓN PEDRO YAGÜE
ESCENOGRAFÍA Y VESTUARIO
ANNA TUSELL
ESPACIO SONORO IRENE MAQUIEIRA

V18 OUT_ 21.00 H

AY TEATRO (MADRID)

Todas hieren y una mata

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 90 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 16 AÑOS

Un galán e o seu criado foxen da casa dunha moza e serán salvados por unha feiticeira que os fará viaxar no tempo. Tentarán namorar a Aurora, unha dama cun segredo, e, errando o seu camiño máxico, chegarán ata o século XXI.

Aventuras, maxia, enredos amorosos, duelos, música en directo, cancións, poesía, xogos escénicos, ritmo e humor dan vida a esta comedia clásica contemporánea sobre o amor, o paso do tempo, o desexo, a procura da identidade e a loita da muller polo dereito a decidir por riba de intereses e convencionalismos e que reivindica a conquista da súa liberdade.

ESTREA
EN GALICIA



S19 OUT_ 20.30 H



DESPÍDETE DEL PASADO,
CAMINA, SECA TUS LÁGRIMAS
Y FABRICA TU DESTINO
A TU GUSTO Y SEMEJANZA

Esta é a primeira comedia en verso do século XXI, unha obra única creada á maneira dos grandes autores do Século de Ouro polo dramaturgo e poeta Álvaro Tato, ben coñecido polos fiteiros polo seu traballo en Ron Lalá. Neste novo proxecto teatral está

acompañado na dirección por Yayo Cáceres e pola produtora Emilia Yagüe.

Pura comedia, puro teatro.

Intérpretes: Alba Banegas, Antonio Hernández, Diego Morales, Sol López e Carlos Lorenzo
Vestuario: Tatiana de Sarabia
Iluminación: Miguel A. Camacho
Música: Yago Cáceres
Fotografía: David Ruíz
Dramaturxia: Álvaro Tato
Dirección: Yago Cáceres

LAZONA

(MADRID)

La Golondrina

ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 85 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 12 AÑOS

Unha profesora de canto accede a darlle clases a un home novo que desexa mellorar a súa técnica para cantar no memorial da súa nai, falecida recentemente. A canción elixida, *La golondrina*, ten un significado especial para el e tamén para Amelia.

A confrontación entre ambos axudaralles a reflexionar sobre as súas identidades, a aceptación da perda, a fragilidade do amor e as consecuencias do odio, desprendéndose das dolorosas cargas que non os deixan avanzar.

Carmen Maura, unha das actrices españolas máis importantes, regresa aos

escenarios teatrais cunha conmovedora historia co terrorismo islámico e a homosexualidade como telón de fondo. Un texto fermoso, reivindicativo e necesario, que está sendo un éxito nos diversos países nos que se montou, escrito polo catalán Guillem Clua, dramaturgo con gran capacidade de ficcionar temas e situacións de estrita actualidade.

Un dos pratos fortes da temporada.

// "RECOÑECERSE
NA DOR DO
OUTRO PARA NON
PERMITIR QUE AS
BESTAS GAÑEN".
GUILLEM CLUA

Intérpretes: Carmen Maura e Dafnis Balduz
Vestuario: Tatiana Hernández
Iluminación: Juan Gómez Cornejo
Música: Iñaki Salvador
Escenografía: Alessio Meloni
Texto: Guillem Clua
Dirección: Josep María Mestres



D20 OUT_ 20.30 H

CONTRAPRODUCCIÓN E FOCUS

(GALICIA-CATALUÑA)

O *Electo*

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 80 MIN APROX.
RECOMENDADO A PARTIR DE 14 ANOS

Apiques de dar o seu discurso de investidura, un recién elixido Presidente enfróntase a un inesperado problema: un choqueiro tic nervioso ameaza con arruinar tan solemne momento. Un psiquiatra acode para atendelo e iníciase unha divertida e incisiva batalla dialéctica entre os dous.

Cales son as motivacións que levan a alguén a querer ser presidente do seu país, unha responsabilidade da que fuxiríamos a maioría dos cidadáns? Esta comedia aguda sobre a vocación política visibiliza a vulnerabilidade dos que exercen o poder e daranos pé tamén ao debate sobre unha preocupación social de actualidade, a controversia

sobre os políticos.

Na segunda das coproducións desta edición do FIOT, a compañía dirixida por Cándido Pazó explorará novas vías para o teatro galego e para o noso festival aliándose cunha das grandes produtoras españolas, Focus, para crear

un espectáculo que terá presenza na escena de toda España cunha versión castelán.

FioTEEN: Ensaio xeral co alumnado de secundaria o xoves 24, ás 11.00 h
Café con... O mércores 23 ás 19.00 h
(Os posibles cambios de horario confirmaranse a través das redes sociais do FIOT. Permanecedo atentos)

Intérpretes: Manu Baqueiro e Antonio Mourellos
Vestuario Belén Pichel
Iluminación: Afonso Castro
Música: Manuel Riveiro
Escenografía: Dani Trillo
Texto orixinal: Ramón Madaula
Versión e dirección: Cándido Pazó

ESTREA
ABSOLUTA

COPRODUCCIÓN
FIOT

/// TODOS PRECISAMOS
QUE NOS QUEIRAN



S26 OUT _ 20.30 H

V25 OUT _ 21.00 H

COMPANHIA DO CHAPITÔ

(PORTUGAL)

Hamlet

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 90 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 12 ANOS

A familia Hamlet ten o pracer de convidalo a tres cerimonia que se desenvolverán ao longo dun só día: O Funeral do Defunto, que terá lugar no Arquivo Morto; O matrimonio da Viúva do Defunto, no Salón Nobre; A toma de posesión do noivo da Viúva do Defunto, no Penthouse. E como entretemento, unha lectura escenificada e moi posiblemente a dól!

Comedia visual e física que convida á imaxinación do público, trasladando todo un clásico á modernidade dunha multinacional, para abordar temas como a traición, a vinganza, o incesto, a

ESTREA
EN GALICIA



“ UNHA
INADAPTACIÓN
A PARTIR DO
TEXTO DE
WILLIAM
SHAKESPEARE

corrupción, a moralidade, o abuso e xogos de poder, o acoso, a inefectividade... reflexo dunha sociedade autista e deshumanizada.

O humor, a creatividade e o traballo físico son a linguaxe empregada novamente por

esta compañía portuguesa, de recoñecemento internacional e asidua ao FIOT, que mediante o uso de obxectos desafiará novamente o enxeño dos espectadores, empregando neste caso as garabatas como símbolo de poder.

Intérpretes: Jorge Cruz, Susana Nunes, Ramón de Los Santos e Tiago Viegas.
Deseño de luces: José Carlos García
Vestuario: Teresa Machado
Dirección: José Carlos García, Cláudia Nóvoa e Tiago Viegas

D27 OUT_ 20.30 H

UNDODÉZ,
PRODUCCIONES

(GALICIA)

Fariña

ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 80 MIN APROX.
PÚBLICO ADULTO

Desde acordeóns a drogas, aquí polo mar entrou de todo. Piratas de terra, contrabandistas de penicilina, braceiros, señores do fume, políticos, pilotos de planadora, policías, narcotraficantes, rapaces consumidores, nais desesperadas..., todo cabe sobre o escenario que percorre este escuro capítulo de Galicia.

A historia non permite nin acomodarse na butaca. O espectador vese involucrado entre situacións familiares cheas de humor, e tamén dor, como as vidas de todas as persoas que conforman esta historia.

Despois do récord de público no teatro galego con *Somos Criminais*, a produtora de Xosé Touriñán, dá un paso adiante



cunha obra de gran formato dirixida por Tito Asorey desde as claves contemporáneas do teatro documento, integrando documentos reais e ficcións, e comprometida coa nosa realidade.

Unha traxedia social contada con humor negro, retransca e drama.

Un texto de Jose L. Prieto baseado
na obra de Nacho Carretero

“NON DEBEMOS
ESQUECER O QUE
AÍNDA NON REMATOU”
(FARIÑA, NACHO
CARRETERO)



Ao inicio da función celebrarase o acto de entrega do Xograr de Outono 2019 a Patricia de Lorenzo

Intérpretes: Xosé Antonio Touriñán, María Vázquez, Cris Iglesias, Marcos Pereiro e Sergio Zearreta
Vestuario: Ruth Pereira
Música en directo: Cris Iglesias, Sergio Zearreta, María Vázquez
Espazo sonoro: Santi Jul
Tema orixinal: Novedades Carminha
Deseño de iluminación e audiovisuais: Laura Iturralde
Escenografía: José Faro “Coti”
Dramaturxia: José Prieto, sobre o ensaio de Nacho Carretero
Dirección: Tito Asorey


Os 10 OTNIS que forman xa parte do noso percorrido leváronnos por territorios creativos insólitos, alternativos, híbridos e ás veces remotos. Investigamos novas linguaxes e accedemos a orixinais mundos artísticos, en contacto íntimo cos creadores que nos seduciron coas súas miradas orixinais e cautivadoras coas que achegarnos á realidade.

As 32 compañías que nos transportaron ás artes escénicas máis contemporáneas converteron a moitos fioteiros, inexorablemente, en exploradores curiosos, cada vez máis ávidos de experiencias e de novas vivencias como espectadores activos, que comparten cos creadores o protagonismo nesta viaxe na que nos agardan novos descubrimentos.

Esta edición quixo escoller un trío dispar, tres propostas significativas da riqueza da

escena contemporánea na súa diversidade, con discursos renovados que van desde a incorporación da tecnoloxía máis sofisticada ás artes circenses, á mais estrita manipulación artesanal do teatro de obxectos e a súa poética, pasando polo teatro de actor cun alto compoñente físico. Diversión, emoción e impacto. As tres faranos palpitar.

**SUBE AO OTNI!
AO MÁIS EXCLUSIVO DO FOT,
AO MÁIS VIVO,
AO ALTERNATIVO,
AO CREATIVO,
AO HUMOR INTELIXENTE,
Á INNOVACIÓN,
AO MÁIS PERSOAL...
AO EXCEPCIONAL!
ATRÉVETE!**



X CICLO
otni

OBXECTO TEATRAL NON IDENTIFICADO

06 OCT_ 20.30 H

KULU ORR

(ISRAEL)

Control freak

ESTREA
EN GALICIA

LUGAR: PAZO DA CULTURA

ENTRADA: 5 €

DURACIÓN: 60 MIN

TODOS OS PÚBLICOS

Un personaxe gracioso e conmovedor interactúa co espectador mentres loita coa súa ineptitude social e os complexos sistemas no escenario. Todo o público acaba sendo parte desta remuíño orquestral, no que o performance demostra as súas habilidades circenses, toca música en directo, controla a iluminación, edita vídeo,... rompendo fronteiras artísticas.

En primicia para Galicia, asistiremos a un orixinal espectáculo de humor intelixente e tecnoloxía punteira, con accesorios dixitais, instrumentos únicos e ordenadores incorporados no

seu propio traxe, cos que o artista multidisciplinar foi recoñecido co Premio Be Festival de Birmingham e co Act Festival.

Control Freak é o resultado de dúas décadas de exploración e investigación para crear un show único, cun corazón de arranxos musicais de

composicións atemporais que van desde Bach ou Beethoven ata Nina Simone ou os Beatles, que fusiona empregando "loops stations" controladas cos pés.

Diversión e innovación.

Vestuario: Rivka Glaubman
Intérprete, iluminación, música, escenografía, autor e dirección: Kulu Orr

**LUCES, MÚSICA
E ACCIÓN.
CONTROL FREAK É
ÚNICO**



WWW.FIOT.GAL



#MIRADASFIOT



S26 OCT_ 20.30 H

EL PATIO TEATRO

(LA RIOJA)

Conservando Memoria

ESTREA
EN GALICIA

LUGAR: PAZO DA CULTURA / SALÓN
DE ACTOS
ENTRADA: 5 €
DURACIÓN: 45 MIN
PÚBLICO XUVENIL E ADULTO

// ... A mi abuela se le escurre una lágrima, yo me escorro con ella."

Quero colar a través de min os recordos dos meus avós, quero manchar as mans con pementón, azucre e sal, dinos a autora e protagonista desta viaxe polos recordos familiares, pola memoria viva. Ábrenos o corazón para amosarnos con autenticidade, mimo e delicadeza a súa propia historia, unha homenaxe aos seus avós e o seu desexo de conservar a súa memoria, de embotala. Que ingredientes precisa unha vida para ser extraordinaria?

Este delicioso traballo de El Patio achéganos ao teatro de

obxectos, un universo poético e máxico no que os obxectos cobran vida na imaxinación do espectador cunha linguaxe propia que, neste terceiro traballo, falaranos do que nos importa, de historias que brotan da nosa emoción ante o cotiá.

A personalidade e sensibilidade das súas obras percorreu xa escenarios de todos os

continentes obtendo prestixiosos premios como o da Fira de Titelles de Lleida, con este espectáculo estreado hai tan só uns meses.

Reparto: Izaskun Fernández
Constrúen, escriben, dirixen, iluminan e xogan: Julián Sáenz-López e Izaskun Fernández

// **RECORDAR
SIGNIFICA
VOLVER A PASAR POR
EL CORAZÓN**



X31 OCT_ 21.00 H

FLYHARD PRODUCCIONS

(LA RIOJA)

A.K.A.
(Also Known As)

LUGAR: PAZO DA CULTURA / AUDITORIO

ENTRADA: 5 €

DURACIÓN: 75 MIN

RECOMENDADO A PARTIR DE 14 ANOS

// Carlos, chámome Carlos. Teño 15 anos, ou 16. Vou ao cole, abúrrome, saio cos colegas ao parque, bailo hip-hop... e un día coñezo a Claudia e... maxia."

Unha historia de amor xuvenil co trasfondo dos prexuízos e do racismo no que o protagonista nos relata un período da súa adolescencia no que treman as súas raíces. Carlos é adoptado... e os ollos dos demais fanlle cuestionar cal é a súa "verdadeira" identidade.

Esta obra valente e comprometida coa linguaxe adolescente, é un éxito entre o público xuvenil e un fenómeno

teatral da temporada. Gañou dous Premios Max, catro Premios Butaca, Premio da Crítica de Barcelona,... varios deles en recoñecemento ao excelente traballo do protagonista, que se dirixe aos espectadores desde a proximidade e que apela ao noso xuízo e á nosa empatía.

// **"SOMOS O QUE OS DEMAIS VEN? O QUE QUEREN VER? O QUE MOSTRAMOS? O QUE OCULTAMOS?" DANIEL J. MEYER**

Intérprete: Albert Salazar
Vestuario: Descartable
Espazo sonoro: Daniel J. Meyer i Xavi Gardés
Deseño de iluminación: Xavi Gardés
Escenografía: Anna Tantull
Texto e axudante de dirección: Daniel J. Meyer
Dirección: Montse Rodríguez Clusella





R ÚA DOS CONTOS

XXI EDICIÓN
CARBALLO 2019

noites de RÚA CHEA

A proposta máis irreverente e divertida do FIOT, e unha das máis queridas polo público, regresa un ano máis aos locais de hostalaría de Carballo e ao Mercado Municipal para encheiros de ironía, bo humor e un feixe de espectáculos, só recomendados para quen estea disposto a pasalo ben e rir sen complexos arredor dun café, un aperitivo ou o que lle pete.

Contos, monólogos, teatro en pequeno formato e musical, concertos e os mellores artistas do momento configuran a nova edición deste ciclo da narración oral, pioneiro en Galicia. Vémonos na rúa das historias, do humor, da provocación..., da vida.

*Vémonos na
Rúa dos Contos!*

VEN 27 SET 



> 18.00 h
Biblioteca Rego da Balsa
PEDRO BRANDARIZ
Un conto de michos

Non sabemos que teñen os gatos, se é polo seu camiñar misterioso ou polas súas sete vidas, pero hai unha chea de contos arredor dos michos, michiños, micifús, mininos ou como queirades chamarlles.

Tres das máis felinas, áxiles e divertidas historias foron escollidas por Pedro Brandariz, actor moi vinculado ao FIOT desde os seus inicios profesionais, para presentar en estrea absoluta este espectáculo infantil co que abrimos a Rúa dos Contos. Unha proposta para pasalo xenial e aprender educación en valores.

Entrada libre. Público infantil
(Reserva de convites na biblioteca)



> 21.00 h
Valle Inclán Café
XURXO SOUTO
O océano de dentro
(Carballo Mollado)

Como dar a volta ao mundo sen saír dunha tasca? Terranova, Madagascar, Gran Sol, a Antártida! Todas as ribeiras galegas están cheas de contos do Mar. Agora o Océano avanza, dende Razo cara a Carballo, disposto a activar con cantos e palabras ese tsunami que todos levamos dentro.

A palabra de Xurxo Souto, que leva máis de 20 anos paseando entre micrófonos da radio e palcos da música, chega á Rúa dos Contos cunha estrea absoluta que nos ofrecerá unha "cosmovisión" alternativa, repleta de aventura e bo humor.

Prezo: 3€. Todos os públicos

VEN 27 SET 



> 22.30 h | **Casino 1889**
TALÍA TEATRO
Bicos con lingua

A lingua galega está composta, como todas as linguas, por substantivos, verbos, adxectivos, expresións, palabras e máis palabras, que se poden estudar e que se poden e deben amar e respectar.

Dese amor polo noso idioma nace *Bicos con lingua*, un espectáculo informal, sinxelo, atractivo e moi divertido co que a compañía Talía Teatro alza a voz, sen perder o sorriso da cara, para defender o uso do galego nunha proposta sincera e cargada de intención coa que conseguiu o Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal e Mellor Actor Protagonista, Artur Trillo.

Prezo: 3€. Todos os públicos

SÁB 28 SET 



> 00.00 h | **O Patacón**
BLUES DO PAÍS
En concerto

Gustaríache ver a Otis Redding no peirao da Coruña, a Etta James mariscando en Cabo da Crus, a B.B. King nun furancho en Redondela ou a Eric Clapton lendo a Castelao? Todo é posible con Blues do País!

Bieitta James, a grande Diva Rural (Iseo Agilda) e Pepe King, o Bluesmanciño que a acompaña (Brais das Hortas), versionarán clásicos do Blues, Soul e Rhythm&Blues, entre outros, para adaptalos á retransmisión galega nun espectáculo de música en directo, e en galego, mesturada con teatro, clown e moita improvisación. Blues á galega! Oh, yeah! Si, ho!

Entrada libre. Público adulto




> 21.00 h
Cafetería Colón
CARMEN CONDE
Premios Darwin

A contadora Carmen Conde presenta o seu espectáculo Premios Darwin, unha selección natural de historias que xiran arredor da morte, e que a artista foi recollendo por diferentes lugares de Galicia, para debullar algúns dos tabús e das tradicións máis arraigadas da nosa terra.

Relatos de humor negro e real contados a partir dunha entrega de premios ficticios nos que o galardón é unha gadaña. Imaxinas quen son os candidatos?

Entrada libre. Público xuvenil e adulto



> 22.30 h
Cervexaría Beos
TITO ROBER
Vida e milagres do zume de laranxa

A vida nun colexio privado para un mozo de Ourense, de familia humilde, que intenta encaixar nunha clase social que non é a súa, pode estar repleta de vivencias tan terribles como cómicas cando contas co apoio incondicional dunha nai moi preocupada polas vitaminas.

O monoloxista Tito Rober é unha das novas promesas do humor galego como poderedes comprobar neste espectáculo "ácido" cargado de ironía e moitas risas.

Entrada libre. Público adulto

SÁB 28 SET ▶



> 00:00 h
Mesón do pulpo
OSWALDO DIGÓN
Anecdoloxía

Todos coñecemos a xente á que lle costa dar un 'bos días' no ascensor, que vive coa cara acartonada ou que leva a procesión sempre por fóra.


En definitiva, "xente triste" descrita á perfección polo monoloxista, actor e presentador Oswaldo Digón no seu novo monólogo *Anecdoloxía*, un espectáculo móbil, non só polo seu percorrido senón tamén polo seu contido cambiante e en constante crecemento, co selo único e orixinal deste gran crack da comedia.

Prezo: 5€. Todos os públicos

DOM 29
SET

(Andar 2º)

SESIÓNS
DO MERCADO



> 20.00 h
CARLOS BLANCO
Os mellores monólogos
(Galicia)

Entrada 10 € | + 13 anos

+ INFO nas páxinas 10 e 11 deste programa

VEN 04 OUT ▶



> 00.00 h
Stars Café Bar
PATTY DIFUSA
Sexo Seguro. Seguro? Seguro!

Que é o sexo? Que é o amor? É o sexo mellor con amor? Pódese amar a alguén se non te amas a ti mesmo?

Estas son algunhas das cuestións que nos propondrá a polifacética artista Patty Difusa no seu espectáculo de variedades, un show feminista e pro-LGTBIAQ+ (e máis todas as letras que queiras) para reflexionar, en clave de humor, sobre a autoaceptación, a sinceridade, as relacións e a profílexe.

Un espectáculo profílexe que abrirá bocas e mentes!

Entrada libre. Público adulto e + 14 anos (co permiso dos seus pais)

SÁB 05
OUT

(Andar 2º)

SESIÓNS
DO MERCADO




> 23.00 h
RODRIGO CUEVAS
Trópico de Covadonga
(Asturias)

Entrada 5 € | + 12 anos

+ INFO nas páxinas 10 e 11 deste programa

DOM 06 OUT ▶

SÁB 12 OUT ▶




> 13.00 h
Cervexaría La Bombonera
MJ PÉREZ
Casandra

Outra das mulleres que estará presente na Rúa dos Contos será *MJ Pérez*, unha das novas voces do panorama actual, con máis de 100 concertos ás súas costas e tres discos no mercado. O último, *Casandra*, poderémolo escoitar nun concerto no que a palabra e a mensaxe cobrarán especial protagonismo xunto a unha voz cargada de personalidade, como ben demostrou en “Malaxente”, unha orixinal versión do tema da cantante Rosalía con letra de Rosalía de Castro.

Apúntate!

Entrada libre. Todos os públicos



> 21.00 h
Café-Bar Ranqui
MARÍA DA PONTRAGHA
A volta dos contos

Todos os pobos precisan contos que xustifiquen o seu xeito de pensar e actuar. E nós temos historias, a mancheas, cargadas de humor e retranca, que veñen de tempo atrás e son infinitas e eternas.

E quen mellor para contalas que María da Pontragha, unha narradora das de sempre disposta a transmitir e entreter ao público co seu espectáculo “A volta dos contos”, unha auténtica viaxe pola tradición oral.

Entrada libre. Público adulto




> 22.30 h
Bulevar Music Café
3 PATAS
Comedia improvisada

3 Patas presenta *Comedia Improvisada*, un show de improvisación teatral que nos deixará momentos únicos e irrepitibles nun espectáculo instantáneo e de creación en directo, recomendado polos mellores cómicos do país.

A partir das propostas do público, tres actrices construírán historias nunca antes contadas, a un ritmo vertixinoso e hilarante para ofrecer ao espectador unha función única e diferente pero cun resultado común: rir e rir sen parar!!

Entrada libre. Público adulto



> 00:00 h
A Barra Bar
FEDERICO PÉREZ

Estaba claro! A inspiración para as mentes cómicas deste país atópase nas tabernas, esa sorte de centros culturais das pequenas vilas onde sempre está a xente auténtica que atesoura centos de interesantes historias...

O monologuista e actor Federico Pérez reconece ter aprendido todo nelas. E agora xa é hora de compartilas co gran público levando a escena unha escolma dos mellores contos recompilados ata o de agora. Del pouco podemos dicir. Coñéceo media Galicia por Moncho, o de Era Visto!, ou por Josito, o de Padre Casares. E está no mundo... porque tiña que haber de todo, non vos parece?

Prezo: 5€. Público adulto



EP
EN PARALELO

III certame de micro-escenas metro cadrado



Sen barreiras, sen artificios, sen rede. Teatro mínimo, intenso, en primeiro plano, en cru. Teatro que nos asalta desde o cotián, desde a proximidade, desde espazos domésticos,... nun metro cadrado.

Unha nova experiencia para o público que pode mirar aos ollos das actrices e actores, tocar, ulir e mesmo saborear. Vivir intensamente unha experiencia teatral diferente.

Para experimentar este novo formato a AC Telón e Aparte convoca por terceiro ano a novas compañías e artistas emerxentes a través do III Certame de Micro-Escenas M² e convidámoslos a crear un espectáculo de entre 10 e 20 minutos para un dos espazos non teatrais que lles ofrecemos.

Entre as 33 propostas recibidas, un xurado seleccionou as seis máis apropiadas para un estudio de arte,

un posto do Mercado Municipal, unha barbería-perruquería, un lavadoiro municipal, unha paquetería e o Casino. Seis espazos e teatro físico, performance, clown, danza, música, poesía, manipulación de obxectos,...

A valoración que fagan os espectadores premiará a mellor interpretación e o mellor espectáculo.


**ACCESO AOS ESPECTÁCULOS:
ENTRADA GRATUÍTA ATA
COMPLETAR AFORO**

**DADAS AS LIMITACIÓNS DE AFORO,
RECOMÉNDASE FACER UNHA
RESERVA NO ENDEREZO
ELECTRÓNICO:**

fiot.microteatroentrada@gmail.com

(indicando nome espectáculo, horario, nome e apelidos do espectador e teléfono de contacto)

> **Sábado 12** outubro



**ESTREA
ABSOLUTA**

INVISÍBEL

ENCONARTE PRODUCCIONES SORPRESA

> **13.00, 13.30, 19.00 e 19.30**
Casino 1889

(Vázquez de Parga, 1)

Nora, muller católica, apostólica e romana tenlle preparada unha festa sorpresa ao seu home polo seu corenta aniversario pero Álvaro non dá chegado, onde andará?

Sorpresa é unha comedia dramática, unha historia de segundas oportunidades e de mulleres empoderadas creada por Enconarte Producciones, compañía integrada por mulleres que falan sen pelos na lingua para facer rir a esgalla.

**DURACIÓN: 20 MINUTOS
AFORO: ATA COMPLETAR AFORO
A PARTIR DE 16 ANOS**

Intérprete: Arantxa Treus
Autoría: Arantxa Treus e Déborah Vukusic
Dirección: Déborah Vukusic

CATRO GATOS TEATRO INVISÍBEL

> **13.00, 13.30, 19.00 e 19.30**
Estudio de arte Garabato


(Santa María, 3 baixo)

Unha exposición de arte. Un home que fala. É arte todo o que vemos? A través do humor negro, convidamos ao espectador a reflexionar sobre esas persoas anónimas que emigran, que viven coma refuxiados ou que son escravizados.

Invisíbel está creada pola compañía de teatro amador Catro Gatos Teatro formada no ano 2017 como resposta ao incipiente movemento teatral do Concello de Bergondo.


**DURACIÓN: 15 MINUTOS
AFORO: 10-15 ESPECTADORES
TODOS OS PÚBLICOS**

Intérprete: Nicole Muíños e Nino García
Autoría e dirección: Arantza Rodríguez




ESTREA ABSOLUTA

The heart. A, the right ventricle; B, the left ventricle; C, the right auricle; D, the left auricle.



ESTREA ABSOLUTA



ESTREA ABSOLUTA

IRIA SOBRADO CORAZÓN

> **13.00, 13.30, 19.00 e 19.30**
Posto do Mercado Municipal
(Praza do Concello)

Mercado de Abastos, 12:00 h, tránsito habitual, ruído de xente facendo as compras, moedas, coitelos, “buenos días”, bolsas de plástico, présas. Por megafonía unha voz dá un aviso. Non é un coche mal aparcado. É unha muller. Egua. Vaca. Cadelas. Estou aquí para amantarte. Di a voz.

Performance creada pola artista galega Iria Sobrado que vuelve ao festival tras gañar o premio á mellor interpretación na primeira edición do M².

DURACIÓN: 15 MINUTOS
AFORO: 20 ESPECTADORES
A PARTIR DE 15 ANOS

Creación e interpretación: Iria Sobrado

TEATRO EN PUNTO MARGARITA

> **18.00, 18.30, 19.00 e 19.30**
Beni Barbería e Perruquería
(Doutor Fleming, 2 baixo)

Teatro En Punto presenta *Margarita*, un monólogo de Sonia Barros dirixido por Roberto Leal. A peza está baseada nun artigo de Maruja Torres, publicado no suplemento dominical de El País no ano 1994, sobre unha muller para a que só poderíamos ter eloxios, dende a comodidade da nosa vida resolta, se non fose porque algo escuro, enmarañado obrígouna a saltar as leis que rexen a nosa sociedade actual... Margarita merecía un destino mellor.

DURACIÓN: 17 MINUTOS
AFORO: 15-20 ESPECTADORES
TODOS OS PÚBLICOS

Intérprete: Sonia Barros
Dirección: Roberto Leal
Producción: Gloria Rico

TUKUMPÁS TEATRO SOAS LAVAN

> **13.00, 13.30, 19.00 e 19.30**
Lavadoiro Municipal
(Rúa do Pan)

As persoas míranse. Falan. Rin. Choran. As persoas bailan. Atópanse. Senten. Rin. Volven rir. E cando están soas, lavan.

Comedia xestual musicada creada por Tukumpás Teatro, compañía que nace no ano 2017 da man de Davide González, Ruben Porto e Martín Pol co gallo do I Certame de Microteatro M².

DURACIÓN: 12 MINUTOS
AFORO: 20 ESPECTADORES
TODOS OS PÚBLICOS

Creación e interpretación: Rubén Porto, Davide González e Martín Pol

MARÍA DOBRONICH O SILENCIO DAS TARTARUGAS

> **13.00, 13.30, 19.00 e 19.30**
Mercería-Paquetería Pilar M^a
(Fábrica, 5)

Celina cambia as flores murchas por unhas “nomeolvides” artificiais. As cousas cambiaron moito dende a morte doseu home.

O espectador convertese en testemuña do proceso de construción da realidade de ambos viaxando entre o pasado e o presente.

O Silencio das Tartarugas é unha adaptación do monólogo da dramaturga argentina Lucía Laragione, realizada para unha actriz e dúas bonecas.

DURACIÓN: 13 MINUTOS
AFORO: 10 ESPECTADORES
A PARTIR DE 16 ANOS

Intérprete: María Dobronich
Autoría: Lucía Laragione
Dirección: Marcos Carballido “Ptt”



PRESENTACIÓN DO PROGRAMA DO FIOT 2019

Durante o acto, estaremos acompañados pola Aula de Teatro Municipal de Carballo, que realizará unha intervención teatral

Data: martes 10 de setembro

Hora: 19.00 h

Lugar: Pazo da Cultura
Asistencia libre

A Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo, organizadores do FIOT, realizarán a presentación oficial do programa do 28 Festival xunto coas entidades patrocinadoras, voluntarios, socios de Telón e espectadores.

Un encontro de todos os “implicados” para coñecer a propostas desta edición e intercambiar as primeiras impresións.

PRESENTACIÓN DO TEXTO TEATRAL E LECTURA DRAMATIZADA *Habitada* de Olivia Pena

Habitada é a historia dunha muller que é varias. Todas habitan no interior de ELA.

É un pracer acoller a presentación desta peza escrita pola carballesa Olivia Pena, profesora de lingua e literatura galega de ensino secundario nun centro da vila. En sintonía coa liña temática desta edición do Festival, a obra reflexiona sobre as identidades e a loita polos soños.

A obra foi publicada en 2018 na

Revista Galega de Teatro (RGT). Olivia Pena é colaboradora habitual de Casahamlet en varios traballos de investigación e creación, á vez que segue a publicar obras como *PlasticDollsShow*.

Acompañarán á autora, a dramaturga e directora da RGT Vanesa Sotelo e o crítico e subdirector desta publicación, Manuel Xestoso. Un grupo de teatro amador, realizará unha lectura dramatizada dun fragmento da obra.

Data: Venres 25 de outubro (Atentos ás redes sociais para confirmación)

Hora: 19.00 h

Lugar: Pazo da Cultura
Asistencia libre

CREANDO TEATRO: Coproducións, residencias artísticas e estreas do FIOT

Coa vontade de ir un paso máis alá da difusión e dinamización teatral, o FIOT manifesta a súa inxenuidade pola creación escénica colaborando con compañías na xeración de propostas, implicándose na súa produción ou ofrecendo o seu marco para a presentación e estrea de espectáculos.

Este ano, temos a sorte de participar como coprodutores en ilusionantes proxectos, dirixidos por dous dos nosos Xograres, Quico Cadaval e Cándido Pazó:

- *Medida X medida*, coa que **PT Excéntricas** celebra o seu 15 aniversario.

- *O electo*, de **Contraproducións e Focus**, que promove a alianza cunha gran produtora nacional, explorando novas vías de expansión para o teatro galego.

A estas estreas absolutas, que ademais farán unha residencia artística e técnica no Pazo da Cultura, súmase a colaboración cunha produtora madrileña, **El Sol de York**, que estreará en Carballo Chicas y chicos.



O **Certame de Micro-Escenas M²** convocado pola AC Telón e Aparte é un dos piares do apoio á creación, neste caso centrado en novos formatos e artistas emerxentes enfocado ao impulso e tamén á visibilización destas propostas.

Na 28 edición do FIOT presentamos 17 estreas, das que 9 son absolutas e 8 en Galicia, 8 delas no Programa de Sala (as 3 absolutas e 3 en Galicia).

Agardamos que estas colaboracións sexan experiencias tan positivas como as de edicións anteriores e continúen a traernos moitas satisfaccións a todas as partes.



ESCOLA DO ESPECTADOR

Outro xeito de achegarse ao feito teatral para os espectadores aos que non lles basta quedarse na súa butaca. Esta iniciativa está dirixida aos amantes do teatro que queiran ampliar a súa mirada. Aprender a mirar, aprender a ver.

Pretendemos facilitar as claves para promover a comprensión e análise dos espectáculos, reparando nos distintos discursos que ten unha función de teatro: o textual, o xestual, o lumínico, a dirección, a interpretación.

Acompañados dun vermú ou aperitivo, escoitaremos a visión dun crítico teatral e intercambiaremos opinións sobre os espectáculos que configuran este FIOT.

Lugar e datas de celebración: fananse públicas a través da páxina web do festival.

Organiza: AC Telón e Aparte



CAFÉ CON...

Encontros entre espectadores e grupos teatrais que pretenden aproximarnos ao proceso creativo, á linguaxe e aos códigos de interpretación dun espectáculo, amosando de primeira man o proxecto artístico da compañía e da obra, resolvendo dúbidas e curiosidades ou intercambiando opinións. Un agradable espazo de comunicación tomando un café.

Sempre que as circunstancias das compañías e da montaxe dos espectáculos o permitan, celebrárase todos os días de función.

Datas: os días das representacións (excepto nas estreas absolutas, nas que se celebrará nos días previos)

Lugar: Pazo da Cultura

Horario: 19.00 h, habitualmente, aínda que se concretará durante o festival en función dos condicións da montaxe de cada espectáculo. Atentos ás redes sociais do festival!



Aberto a todos os espectadores sen necesidade de inscrición

XORNADA ESCENA NORTE IDEA CARBALLO Encontro de dramaturgos/as:

Artes escénicas e interculturalidade. O Camiño como conector e vertebrador de diversidade culturais

Prácenos abrir novamente as nosas portas aos profesionais das artes escénicas e ás estruturas creativas e de produción. Escena Galega proponnos un evento singular que organiza conxuntamente coas asociacións homólogas da cornixa norte de España, un *Itinerario cultural* de artes escénicas polos territorios do Camiño de Santiago do Norte. O FIOT acollerá o programa expandido do proxecto, as actividades de comunicación entre profesionais e as de mediación co público.

Escena Norte Idea Carballo é un marco para o encontro de creadores e creadoras no eido das artes escénicas de Galicia, Asturias, Cantabria e Euskadi para reflexionar sobre a situación da dramaturxia, a promoción e difusión de creacións en linguas distintas ao castelán e a colaboración artística. Máis de vinte dramaturgos e creadores teñen confirmada xa a súa asistencia para

traballar conxuntamente na sesión técnica da mañá.

Experiencia colectiva de creación express

Xa pola tarde, haberá unha dinámica experimental de creación colectiva entre profesionais da dramaturxia e alumnos, que propón o reto de xerar e mostrar nunha sesión varios proxectos escénicos arredor da temática *Encontro entre culturas diferentes*. Estará coordinada por Santiago Cortegoso.

Promove: Escena Galega, Escena Asturias, ACEPAE e Eskena.

Data: mércores 9 de outubro, de 10.00 a 19.00 h.

Lugar: Salón de actos. Pazo da Cultura

Programación completa en www.escenanorte.com e www.fiot.gal
Inscrición Experiencia Colectiva de Creación Express: máximo de 20 persoas. Correo coordinacion@escenanorte.com ata as 14 h do 7 de outubro (indicar no asunto "*Inscrición xornada 9 de outubro*") xunto con nome, apelidos, teléfono, correo de contacto/profesión e/ou interese nesta proposta)



PROPOSTAS MOI ESPECIAIS PARA VIVIR O TEATRO DOUTO XEITO, CREAÇÕES DENDE AS ONDAS DE RADIO, UNHA NOITE NO TEATRO E TAMÉN A ESTREA DO ESPECTÁCULO CONTOS DE MICHOS DE PEDRO BRANDARIZ (27 DE SETEMBRO) OU A AMPLA OFERTA DE ESPECTÁCULOS DE TEATRO DE RÚA DESTINADOS PARA OS MÁIS PEQUENOS.



NOITE BRANCA NO TEATRO

Un ano máis, os mais cativos coñecerán os misterios do teatro e vivirán unha experiencia única nun novo campamento teatral nocturno, co que participarán en obradoiros creando unha obra coa que porán fin a esta actividade. Toda unha experiencia inclusiva da que formarán parte nenas e nenos de Aloumiños.

Datas e horario: das 19.00 h do venres 28 ás 11.00 h do sábado 29 de setembro
Lugar: Pazo da Cultura
Prezo: 20 € (preferencia os socios da AC Telón)
Inscrición: Pazo da Cultura, do 16 ao 25 de set.
Prazas: 25 nenos/as
Idades: de 6 a 12 anos
Organiza: AC Telón e Aparte
 Coa colaboración da asociación de persoas con necesidades específicas **Aloumiños**



XIX CONCURSO ESCOLAR DE TEATRO LIDO XOSÉ MANUEL EIRÍS

As voces de nenos e mozos levarán o teatro aos fogares de todos os recunchos de Bergantiños a través das ondas da radio. Co apoio dos centros escolares de primaria e secundaria de toda a comarca, realizarán interpretacións lidas de fragmentos de textos teatrais na emisora Radio Voz recuperando así ecos doutros tempos. Ademais de gozar da experiencia radiofónica nuns estudos profesionais, repártense premios por un importe de 850 €.

FINAL E ENTREGA DE PREMIOS:

Pazo da Cultura, domingo 10 de novembro. Participarán os finalistas do concurso e actuará como mestre de cerimonia **Caxoto**
Prazo de inscrición: ata o 3 de outubro
Organiza: AC Telón e Aparte, co apoio de Radio Voz e Librería Brañas Verdes



O FIOT ten un compromiso especial coa mocidade. Botámola en falta e queremos transmitirllle a paixón polo teatro. O FioTEEN é a canle para saír na súa procura.

Este ciclo reúne propostas específicas para adolescentes e mozos. Con elas, iremos aos institutos, presentarllos primicias, traerémoslos ao Auditorio con funcións só para eles ou atraerémoslos á programación ordinaria do festival, xa que esta inclúe unha oferta enfocada a eles e elas, a vós.

En cada ciclo dos que compoñen o FIOT pensouse na vosa realidade, na vosa perspectiva. Moitos dos espectáculos son de entrada gratuíta e os outros contemplan sempre un prezo especial para menores de 25 anos, con descontos moi importantes. Estade tamén atentos ás redes porque haberá outras sorpresas!

Non perdades a oportunidade de atoparvos co teatro na barra dun bar, nin de asombrarvos e rir con espectaculares acrobacias na rúa, vivir unha experiencia insólita nunha tenda ou gozar de grandes espectáculos. E coma sempre, poderedes poñer a proba as vosas dotes escénicas no singular Concurso de Teatro Lido.

Imposible non atopar algo que vos interese! Confiamos en que esta chamada obteña a complicidade precisa.

ACCIÓNS TEATRAIS NOS INSTITUTOS. GALEATRO TEATRO



Coa alianza dos institutos, manterémosvos informados de todo o que pasa no FIOT a través da compañía carballesa Galeatro, que visitará periodicamente os centros de ensino con píldoras informativas, presentando os espectáculos para a mocidade

Intérpretes: Alba Bermúdez e Tone Martínez
Lugar: Centros de Educación Secundaria de Carballo
Dirixido a: alumnado



APATACIÓN: "Por unha peseta"

A Rúa dos Contos farase un oco nos institutos cunha obra que combina narración oral con música e canción, dunha nova e fresca compañía.

Sabedes canto vale unha peseta? Historias de vida recollidas no noso entorno e no universal xúntanse nunha peza que achega a partes iguais humor, sensibilidade e tenrura propias da nosa xente, trasladándonos ao tempo dos nosos devanceiros. Tradicións historias e, como non, moita retrans.

Lugar: Centros de Educación Secundaria de Carballo

Dirixido a: alumnado

Data: 24 e 25 de setembro

Colabora:



Deputación
DA CORUÑA



PT EXCÉNTRICAS "Medida x medida" e CONTRAPRODUCCIÓNS e FOCUS "O electo"

Os rapaces e rapazas de secundaria terán a primicia de coñecer as dúas coproducións do FIOT deste ano. Poderán gozar dos mesmos no ensaio xeral que terá lugar o día antes da estrea absoluta de dous espectáculos, que a bo seguro, serán dúas das obras máis importantes da temporada teatral galega.

(Información sobre os espectáculos nas páxinas 14 e 26 do programa)

MO8 OUT_ 11.00 H

ESTREA
EN GALICIA

VENTRÍCULO VELOZ (MADRID) Dados



DURACIÓN: 56 MIN |+ ENCONTRO CO PÚBLICO
DIRIXIDA A: A LUMNADO DE SECUNDARIA A
PARTIR DE 14 ANOS | LUGAR: PAZO DA CULTURA

//X" é un adolescente cun podcast que traballa nunha tenda de comics e rol. "Y" entra a mercar un agasallo e o encontro deriva nunha partida de xogos de rol. O azar dos dados desvelará un secreto vital para ambos.

A través da comedia, Dados narra as dificultades de ser adolescente, dificultades que se incrementan se, ademais es

trans. Unha viaxe cara ao encontro coa nosa identidade e o noso dereito a ser quen somos.

É un luxo poder contar co Premio Max 2019 ao Mellor Espectáculo Xuvenil, unha obra arredor da identidade de xénero concibida para a mocidade por José Padilla, un dos referentes da nova ola de dramaturgos.

// ADOLESCENCIA "TERRA DE NINGUÉN" JOSÉ PADILLA

Intérpretes: Almudena Puyo e Juan Blanco

Deseño sonido: Sandra Vicente

Deseño iluminación: Juanjo Llorens

Coreógrafo: Edu Cárcamo

Autor e director: Jose Padilla

EXPOSICIÓN 30 ANOS DO TEATRO DO MORCEGO. *Homenaxe a Celso Parada*



*Voume co inmenso pracer do traballo,
o teatro como un océano...*

Celso Parada Fernández

Recentemente, deixounos un Xogar de Outono do FIOT, Celso Parada, actor, director e produtor, fundador xunto a Isabel Ávila, hai 30 anos, dunha das compañías galegas máis senlleiras, Teatro do Morcego.

Celso Parada e Teatro do Morcego, foron uns dos piares sobre os que se sustentou o FIOT nos seus comezos. A súa empatía, profesionalidade e compromiso pronto se sumou unha

entrañable e profunda amizade. As súas propostas escénicas tiveron unha presenza intensa, engaiolando a todos os espectadores de Carballo.

No ano 2005, o público de Carballo rendeuille unha sentida homenaxe coa entrega do noso galardón máis entrañable pola súa destacada traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia.

Hoxe volvemos lembralo a través das súas obras, o traballo no teatro, o seu inmenso pracer.

Grazas á colaboración de Isabel Ávila, Tatán e Carlos Alonso podemos percorrer os trinta anos de Teatro do Morcego a través de pezas xa históricas de vestuario, escenografía, memoria gráfica e dramaturxia dos 31 espectáculos producidos, nos que participaron máis de cincuenta actores, actrices, músicos, bailaríns e directores.

A posta en escena e a realización da instalación é obra do escenógrafo Carlos Alonso, colaborador habitual da compañía.

Data: Do 4 de outubro ao 1 de novembro
Lugar: Pazo da Cultura
Instalación producida por Teatro do Morcego, Isabel Ávila e Tatán
Organiza: AC Telón e Aparte

ZOOM FIOT



ZOOM FIOT 2019

Seguimento fotográfico do FIOT 2019 realizado por varios fotógrafos convidados que achegarán o obxectivo fotográfico ao Festival tratando de captar a actividade que ten lugar durante este e que permanece oculta ao público.

PREMIO DO PÚBLICO OUTONO DE TEATRO 2019

Participa na programación de vindeiras edicións do FIOT expresando a túa opinión sobre os espectáculos. Puntuá cada proposta e convidaremos a formar parte dunha futura edición, cun novo espectáculo, á compañía que reciba a mellor puntuación dos espectadores.

Na pasada edición o gañador foi o espectáculo *Iphigenia en Vallecas* protagonizado por María Hervás, cunha puntuación de 4,58 puntos (sobre 5)

EXPOSICIÓN ZF 2018

Mostra das imaxes que se realizaron durante o FIOT 2018 dentro do proxecto fotográfico Zoom FIOT, no que 8 fotógrafos e afeccionados á fotografía nos aproximan a momentos do festival non sempre accesibles para os espectadores.

Os fotógrafos participantes son: Andrea Sánchez, Carlos Suárez, Esther Chamoso, Inés Villar, Markus de Castriz, Noelia Antelo, Nuria Cortés e Oti Fernández.

Data: Do 3 de outubro ao 3 de novembro
Lugar: Andar 0 do Pazo da Cultura
Organiza: AC Telón e Aparte



DÁLLE UN BOCADO AO FIOT



Un ano máis, os bocados máis exquisitos volverán darse cita no FIOT grazas á colaboración dun grupo de establecementos de hostalaría do noso municipio. Durante o mes de outubro, restaurantes, cervexarías, bares e cafeterías convidante a degustar os sabores máis deliciosos e exclusivos, inspirados no Outono de Teatro. Todas as persoas que proben unha destas tapas, petiscos ou almozos participarán nun sorteo de entradas para o FIOT, ademais dunha cea e aloxamento de balde nun establecemento de Carballo. E permanece atento porque tamén haberá pequenas intervencións teatrais.

Dálle un bocado ao FIOT e déixate sorprender!

Lugar: Establecementos de hostalaría de Carballo
Data: mes de outubro
Organiza: Concellaría de Promoción Económica do Concello de Carballo

VOLUNTARIADO FIOT



O FIOT conta desde hai dez anos cun programa de voluntarios que implica a numerosos afeccionados ao teatro no desenvolvemento do festival. Se ti tamén queres formar parte desta gran familia, lembra que aínda estás a tempo de unirse ao noso fantástico equipo para lograr que o Festival sexa mellor cada edición. Se queres coñecer por dentro un dos festivais de referencia en Galicia e compartir o teu gusto polo teatro con nós, entra en fiot.gal ou chama ao 981 704 300. Moitas grazas a todos pola vosa imprescindible implicación.

Conéctate!



#procuramosousad@

Xogaresa de outono 2019

Patricia de Lorenzo



Este ano, o galardón do FIOT ten nome de muller. Dunha muller que se abriu camiño na escena para entregarse á súa vocación. O FIOT reconece a unha das grandes actrices galegas. Unha artista polifacética, que leva tres décadas no mundo da interpretación, que se define tamén como cantante e vedette. Unha "todoterreo" que marida á perfección teatro, música, dobraxe, cine e tv.

En 1990, iniciou a súa traxectoria e catro anos máis tarde pasou a formar parte de Chévere, unha compañía de referencia en Galicia e tamén en España, galardoada co Premio Nacional de Teatro, o máis importante das artes escénicas do noso país. Desde 1994, participou como actriz en todas as súas montaxes, moitas delas forman parte da historia teatral galega, como *Annus Horribilis*, *Rio Bravo 02*, *Citizen Eurozone* ou *Eroski Paraíso*. Ela é unha das "alma mater" deste proxecto e un dos seus piares fundamentais, tanto dentro como fóra dos escenarios, desenvolvendo labores de dirección, administración, xestión e produción.

Traballou tamén con Teatro do Aquí, Elsinor ou o Centro Dramático Galego. No cine, na televisión, en dobraxe e como solista en grupos musicais. Prestixiosos galardóns recoñecen a súa traxectoria, como varios María Casares ou o Maruxa Villanueva.



O acto de entrega do galardón desta edición está previsto para o 1 de novembro, ás 21:00 horas, previo ao inicio da función.

Este nomeamento honorífico do Festival Internacional Outono de Teatro reconece unha persoa ou entidade que destaca pola súa traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. A elección da galardoada correspóndelle aos anteriores Xogares de Outono e á AC Telón e Aparte. En anteriores edicións, foron xa merecedores deste premio Roberto Vidal Bolaño, Artur Trillo, Celso Parada, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval, Dorotea Bárcena, Cándido Pazó, Paula Carballeira, Marcelino de Santiago "Kukas", Alberto Gende, Xosé Manuel Olveira "Pico", Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán", Susana Dans, Miguel de Lira, Mónica Camaño e Manuel Lourenzo.

Venda de entradas

ticketea
by Eventbrite

RRSS

PREZOS **ATENCIÓN! PREZOS ESPECIAIS PARA MENORES DE 25 ANOS!**

PROGRAMA DE SALA

> BONOS

Poñeranse á venda un total de 200 bonos, para asistir ás funcións dos días 4, 11, 13, 18, 19, 20, 25, 27 de outubro e 1 de novembro.

80 €: prezo ordinario

75 €: prezo reducido

(menores de 25 anos, maiores de 65 anos e parados, presentando documentos que acrediten a súa condición)

> ENTRADAS

8 €: *Medida x medida* (5 out), *Chicas y chicos* (18 out), *Todas hieren y una mata* (19 out), *O electo* (26 out), *Hamlet* (27 out)

10 €: *Juguetes rotos* (11 out)

15 €: *Jauría* (13 out), *La golondrina* (20 out), *Fariña* (1 nov)

Os menores de 25 anos terán un desconto de 3 € na súa entrada presentando o DNI

CICLO OTNI

5 €: *Control Freak* (6 out), *Conservando memoria* (26 out) e *A.K.A.* (31 out)

Os socios, abonados e menores de 25 anos terán o 50% de desconto nas sesións do OTNI presentando o carné de socio, bono ou DNI

RÚA DOS CONTOS

Funcións no Mercado

10 €: *Carlos Blanco* (29 set)

5 €: *Rodrigo Cuevas* (5 out)

Os socios, abonados e menores de 25 anos terán o 50% de desconto nas sesións do Mercado presentando o carné de socio, bono ou DNI

3 €/5 €: Funcións en locais de hostalaría con entrada

PUNTOS E DATAS DE VENDA

VENDA ANTICIPADA

www.fiot.gal

www.ticketea.com by Eventbrite

www.facebook.com/festivalinternacionaloutonodeteatro

(Máis gastos de xestión)

Billeteira do Pazo da Cultura:

venres 13, 20 e 27 de setembro de 10.00 a 13.00 h e os mércores a partir do 18 de setembro de 19.00 a 20.30 h
(Máis gastos de xestión)

> BONOS (Programa de sala)

> SOCIOS ACTELÓN E APARTE:

Do 13 ao 19 de setembro

> PÚBLICO EN XERAL:

A partir do 20 de setembro

> ENTRADAS SOLTAS

(Programa Sala, OTNI e Mercado)

> Desde o 20 de setembro ata o día de cada función

> FUNCIÓN EN LOCAIS DE HOSTALARÍA CON ENTRADA

Nos propios locais a partir do 20 de setembro

VENDA O DÍA DA FUNCIÓN

Na billeteira habilitada no espazo da función desde **90 minutos antes** do inicio



Prégase puntualidade. A partir do inicio da función, o bono ou entrada non garantirá o acceso á sala e a organización poderá facer uso da localidade.

Se por razóns de produción dalgun espectáculo tiveran que ser ocupadas algunhas localidades, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado.

As entradas ou bonos non poderán ser cambiados nin reembolsados, a excepción da cancelación do espectáculo.

Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e de non perturbar o bo desenvolvemento da función, non se permite fotografar, filmar ou gravar no interior da sala, sen a autorización expresa do FIOT e do artista.

Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles.

O teatro dispón de ubicacións adaptadas para cadeiras de rodas. Só venda en taquilla.

REDES SOCIAIS

@festivalFiot

@FiotCarballo

@fiotcarballo

FIOT Carballo

FIOT28 "Miradas" Official Playlist

fiot@fiot.gal

www.fiot.gal

Festival membro de:



Sede do
Festival

Rúa do Pan s/n | Carballo | T 981 704 300

Coordenadas GPS
Latitude 43.211702
Lonxitude -8.695394



Calendario de actuacións

CAFÉ CON... Os días das representacións no Pazo da Cultura Concretaranse os horarios durante o festival en función das condicións da montaxe de cada espectáculo. **Escola do Espectador, Expo Zoom FIOT...**

M24 e M25 set

FIOTEEN
APATACÓN
Centros de Educación Secundaria
Función escolar

Venres 27 set

RÚA DOS CONTOS
PEDRO BRANDARIZ
Biblioteca Rego da Balsa
18:00 h

TEATRO DE RÚA
XAMPATITO PATO
Praza do Concello
20:00 h | Entrada libre

RÚA DOS CONTOS
XURXO SOUTO
Valle Inclán Café
21:00 h | 3 €

RÚA DOS CONTOS
TALÍA TEATRO
Casino 1889
22:30 h | 3 €

RÚA DOS CONTOS
BLUES DO PAÍS
Pub O Patacón
00.00 h | Entrada gratuíta, ata completar aforo

Sábado 28 set

RÚA DOS CONTOS
CARMEN CONDE
Cafetería Colón
21.00 h | Entrada gratuíta, ata completar aforo

RÚA DOS CONTOS
TITO ROBER
Cervexaría Beos
22:30 h | Entrada gratuíta, ata completar aforo

RÚA DOS CONTOS
OSWALDO DIGÓN
Mesón do pulpo
00:00 h | 5 €

Domingo 29 set

RÚA DOS CONTOS
CARLOS BLANCO
Mercado Municipal
20:00 h | 10 €

Venres 04 out

TEATRO DE RÚA
C. SINCRONACIDAS
Praza do Concello
20:00 h | Entrada libre

PROGRAMA DE SALA
PT EXCÉNTRICAS
MEDIDA X MEDIDA
Pazo da Cultura
21:00 h | Abonados e convidados

RÚA DOS CONTOS
PATTY DIFUSA
Stars Café Bar
00.00 | Entrada gratuíta, ata completar aforo

Sábado 05 out

TEATRO DE RÚA
JEAN PHILIPPE KIKOLAS
Praza do Concello
19:30 h | Acceso con convite. Recollida na Biblioteca Rego da Balsa

PROGRAMA DE SALA
PT EXCÉNTRICAS
MEDIDA X MEDIDA
Pazo da Cultura
20:30 h | 8 €

RÚA DOS CONTOS
RODRIGO CUEVAS
Mercado Municipal
23:00 h | 5 €

Domingo 06 out

RÚA DOS CONTOS
MJ PÉREZ
Cervexaría La Bombonera
13.00 h | Entrada gratuíta, ata completar aforo

OTNI
KULU ORR
CONTROL FREAK
Pazo da Cultura
20:30 h | 5 €

Martes 08 out

FIOTEEN
VENTRÍCULO VELOZ
Pazo da Cultura
11.00 h | Función escolar

Venres 11 out
PROGRAMA DE SALA
P. ROKAMBOLESKAS
JUGUETES ROTOS
Pazo da Cultura
21:00 h | 10 €

Sábado 12 out

M²
ENCONARTE P.
SORPRESA
Casino 1889
Entrada gratuíta ata completar aforo

M²
CATRO GATOS TEATRO
INVISÍVEL
Estudio Garabato
Entrada gratuíta ata completar aforo

TEATRO DE RÚA
VOL'E TEMPS
Praza do Concello
19.30 h | Entrada libre

RÚA DOS CONTOS
MARÍA DA PONTRAGHA
Café bar Ranqui
21.00 h | Entrada gratuíta, ata completar aforo

RÚA DOS CONTOS
3 PATAS
Bulevar Music Suit
22.30 h | Entrada gratuíta, ata completar aforo

RÚA DOS CONTOS
FEDERICO PÉREZ
A Barra Bar
00:00 h | 5 €

Domingo 13 out

PROGRAMA DE SALA
EL PAVÓN TEATRO
KAMIKAZE
JAURÍA
Pazo da Cultura
20:30 h | 15 €

Venres 18 out

PROGRAMA DE SALA
EL SOL DE YORK
CHICAS Y CHICOS
Pazo da Cultura
21:00 h | 8 €

Sábado 19 out

M²
IRIA SOBRADO
CORAZÓN
Mercado Municipal
Entrada gratuíta ata completar aforo

M²
TEATRO EN PUNTO
MARGARITA
Beni Barbería Perruquería
Entrada gratuíta ata completar aforo

PROGRAMA DE SALA
AY TEATRO
TODAS HIEREN Y UNA MATA
Pazo da Cultura
20:30 h | 8 €

Domingo 20 out

PROGRAMA DE SALA
LAZONA
LA GOLONDRINA
Pazo da Cultura
20:30 h | 15 €

Venres 25 out
PROGRAMA DE SALA
CONTRAPRODUCCIÓN E FOCUS
O ELECTO
Pazo da Cultura
21:00 h | Abonados e convidados

Sábado 26 out

M²
TUKUMPÁS TEATRO
SOAS LAVAN
Lavadoiro público (Rúa do pan)
Entrada gratuíta ata completar aforo

M²
MARÍA DOBRONICH
O SILENCIO DAS TARTARUGAS
Mercería Paquetería

Pilar M^a
Entrada gratuíta ata completar aforo

PROGRAMA DE SALA
CONTRAPRODUCCIÓN E FOCUS
O ELECTO
Pazo da Cultura
20:30 h | 8 €

OTNI
EL PATIO TEATRO
CONSERVANDO MEMORIA
Pazo da Cultura
20:30 h | 5 €

Domingo 27 out

PROGRAMA DE SALA
COMPANHIA DO CHAPITÓ
HAMLET
Pazo da Cultura
20:30 h | 8 €

Xoves 31 out

OTNI
FLYHARD P.
A.K.A. (ALSO KNOWN AS)
Pazo da Cultura
21:00 h | 5 €

Venres 01 nov

PROGRAMA DE SALA
UNDODEZ
FARIÑA
Pazo da Cultura
20:30 h | 15 €

+ info en www.fiot.gal



WWW.FIOT.GAL



Desenho: www.gendestudio.com

